

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGAPE E A ENTIDADE COLABORADORA DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L PARA A XESTIÓN DE AXUDAS RELATIVAS AO PROGRAMA RE-ACCIONA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A presente memoria xustificativa ten como obxectivo fundamentar a necesidade de prorrogar a vixencia do convenio de colaboración entre o IGAPE e **DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L** no marco do Programa Re-acciona. Esta prórroga permite alinear os prazos do convenio coa nova convocatoria publicada o 13 de xaneiro de 2025, garantindo a continuidade dos servizos de asesoramento a empresas galegas ata o 30 de novembro de 2026.

O Director de Area de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que o IGAPE convocou para o ano 2024 unha nova edición do programa Re-acciona: un programa de axuda que facilite a prestación de servizos modulares de asesoramento especializado a empresas galegas, que lles permitan adaptarse ao novo contexto económico. Neste tipo de programas é crucial a colaboración da Administración coas entidades prestadoras de servizos, para asegurar a calidade da prestación, reducir a barreira de entrada para os solicitantes de axudas, definir con precisión o alcance do asesoramento e facilitar a difusión.

Que, en consecuencia, o IGAPE convocou o procedemento de selección, en réxime de concorrência competitiva, das entidades colaboradoras que participarán na xestión de subvención e actuarán de ligazón entre o Igape e os beneficiarios das axudas do Programa.

Que a devandita Resolución establece no seu artigo 1.4 que "a cualificación como entidade colaboradora será válida para a/as convocatoria/s que se publique/n no período de programación 2021-2027".

Que o día 1 de abril de 2024 ambas partes asinaron un convenio para a xestión de axudas relativas ao programa Re-acciona no ámbito do servizo de asesoramento para o relanzamento comercial.

Que o artigo 16.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establece que "*o convenio de colaboración non poderá ter un prazo de vixencia superior a catro anos, se ben poderá preverse no mesmo a súa modificación e a súas prórrogas por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sen que a duración total das prórrogas poida ser superior á vixencia do período inicial e sen que en conxunto a duración total do convenio de colaboración poida exceder de seis anos.*"

Que na cláusula duodécima do convenio que aquí se modifica, establécese que o este entrará en vigor o día da súa sinatura pola persoa titular da Dirección Xeral do Igape e estenderá a súa vixencia ata o 30/12/2025 sen prexuízo das prórrogas, que, se é o caso, así se pactasen por acordo expreso das partes.



Que o día 13 de xaneiro de 2025 o Igape publicou unha nova convocatoria de axudas do Programa Re-acciona onde establece como prazo máximo de execución e xustificación dos servizos o 30 de novembro de 2026, polo que se fai necesario prorrogar o prazo inicial de vixencia do convenio.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Prorrogar a vixencia dos convenios de colaboración entre o Igape e as entidades colaboradoras para a xestión de axudas relativas ao programa Re-acciona e estender a súa vixencia ata o 30/12/2026.

Que o instrumento convencional fundamentase nos compromisos das partes, asumidos por parte do IGAPE coa publicación da convocatoria de selección de entidades colaboradoras, e por parte das entidades colaboradoras ao presentarse a esta convocatoria.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional baseado neste modelo, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 17/01/2025.

